

BOMBEIRO FORESTAL.

A revista do SPDCIF



Autonómica

Inverno
2015

A REVISTA DO SPDCIF. EDITORIAL

Nace aquí e agora **BOMBEIRO FORESTAL**, o boletín do sector do **SPDCIF** para Ourense que dende a **CIG** queremos se converta nunha correa de transmisión de ideas, unha ferramenta de comunicación que axude a vencer as eivas e as negras sombras que ameazan o noso sector nos últimos tempos.

Marcámonos como obxectivo para avanzar, mellorar as comunicacións coa fin de superar a dispersión informativa que padecemos no eido laboral, e tamén como non, facer chegar a tódolos centros de traballo a nosa voz.

Propoñémonos, dende un principio, chegar cada tres meses a cada oficina, motobomba, emisora pick up.... ou onde teñamos que chegar, convencidos de que a información é unha ferramenta fundamental de cara a mellora profesional e para a defensa dos nosos dereitos.



Consideramos imprescindible a continua e permanente evolución no coñecemento explícito do laboral, construíndo sempre unhas mellores condicións e sen ceder un paso atrás na defensa dos dereitos, así como na denuncia e rexeitamento da continua e paseniña estratexia de desmantelamento que o goberno do Partido popular exerce sobre o SPDCIF.

Con seriedade e rigor, tentaremos facer chegar tódalas novas do sector, de xeito constructivo coa única finalidade dun mellor desenrolo da nosa laboura no monte, e un correcto axeitamento á realidade rural da que formamos parte.

Agardando escoitar e ser escoitados, abrimos tamén o proceso á vosa participación, fican as portas abertas para quen queira facer achegas ou participar de xeito directo na construción deste "BOMBEIRO FORESTAL".

ARRINCAMOS POIS!!

ÍNDICE

Editorial	1	Sentenzas persoal fixo discontinuo	5	Amortización de postos na Consellaría de Medio Rural	8
Asembleas Abertas	2	Foi noticia	6	Campaña de vixianza da Saúde	8
Bombeiros Forestais XA!	3	Propostas da CIG para a mellora do SPDCIF	7		
Informe Natutechnia	4	Taboleiro de novas	8		

MOBILIZACIÓN



O grupo da **CIG** no SPDCIF organizárase en **assembleas abertas** mensuais que rexeran o traballo e organización no seu eido e sector.

ASEMBLEAS ABERTAS

O grupo da CIG no SPDCIF organizárase en assembleas abertas mensuais que rexeran o traballo e organización no seu eido e sector.

O pasado día 20 de Xaneiro na sala de xuntas da C.I.G en Ourense, celebrouse unha assemblea aberta para quen quixera participar, na cal decidimos facer un cambio de rumbo no xeito de organizármolos.

Decidiuse de xeito assembleario, camiñar cara un modelo máis plural e participativo, cunha maior implicación de tod@s aquel@s que o desexen. O resultado do alí falado concretárase na creación da **assemblea aberta** que terá unha periodicidade mensual, facéndoa cadrar co día do comité de empresa pero en horario de tarde. Esta assemblea será a responsábel de rexir o traballo do noso grupo no S.P.D.C.I.F, e terá **carácter vinculante**. Tamén se recolleu a posibilidade de desprazala cando fóra necesario cara zonas que están máis alonxadas da cidade de Ourense (Verín, Barco....).

Convencidos de estar no camiño correcto, sobre iso actuamos. Unha maior e plural participación asegúranos unha amplitude de miras e de diferentes sensibilidades que de seguro se concretarán nunha mellor e máis axeitada acción directa final. Sabedores de que o camiño assembleario é un pouco máis lento, situamos as nosas miras cara ó medio prazo sen deixar de traballar o día a día.

Para completar esta readaptación ó noso eido de traballo, acordamos a creación de varios grupos de traballo que se coordinarán de forma autónoma e permanente, traballando aspectos máis concretos e especializados que serán marcados tamén pola assemblea. Concrétanse nun primeiro momento tres grupos de traballo :

1. Coordinación e redacción desta mesma revista "BOMBEIRO FORESTAL".
2. Traballo de campo. Ter contacto contínuo cos centros de traballo elaborando a modo de dossier un listado de carencias, para facer un seguemento cara a súa resolución.
3. Creación dun grupo de investigación, orientado cara ás melloras en todos os eidos do traballo, tanto no físico e ergonómico, como no sociolóxico.

Todos estes grupos de traballo están abertos a quen queiran participar de xeito directo ou indirecto, abertos a todo tipo de aportación.

De momento estas medidas son só unha declaración de intencións que agardamos se concreten no previsto, para iso faremos as valoracións permanentes do funcionamento.



BOMBEIRO FORESTAL. XA!

A C.I.G ven de presentar diante de tódolos grupos parlamentares, o recoñecemento da categoría de Bombeiro forestal para o persoal do S.P.D.C.I.F.

Tal como recoñece o V Convenio Colectivo no Acordo de Condicións Especiais de Traballo do Persoal do S.P.D.C.I.F, no seu punto 3.18, que indica o compromiso de cambio de denominación de categoría ás categorías de Peón, Peón condutor, Xefe de cuadrilla, Vixiante movil e Condutor Motobomba a Bombeiros Forestais.

Despois de 5 anos agardando este cambio de denominación de categoría, a xunta segue sen pronunciarse. Paralelamente noutras comunidades autónomas como Extremadura e Aragón, xa se lle recoñece ós traballadores análogos a nós a categoría de Bombeiros Forestais.

Tal como indica o Boletín Oficial de Extremadura, no nº 609, do 12 de setembro de 2014, na resolución 462/VIII a proposta do grupo parlamentar do PSOE co Rexistro de entrada nº 18.280.

Os Bombeiros Forestais teñen recoñecida a categoría mediante o Real Decreto 1591/2010 do 26 de novembro, onde se propicia unha figura moi importante na actualidade, debido ó grande problema que teñen os incendios forestais en todo o país. Un colectivo que desenvolve a súa actividade para o cidadán e o Medio Ambiente, protexendo así ás persoas, ós bens económicos e ó medio ambiente.

Acolléndonos a Resolución do citado R.D. 1591/2010 do 26 de novembro, pola que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións co nº 5932 – Bombeiro Forestal e nas competencias da comunidade autónoma na citada materia, nunca chegou a aplicarse na estipulación dos contratos.

Aparece así na maioría de contratos como Peón de montes, Peón especialista, categorías nas que non se define o feito da extinción de Incendios Forestais e non se lle recoñece a profesión de risco, nin o dereito a unha enfermidade laboral.

Polo tanto a Comunidade Autónoma estende o recoñecemento á categoría profesional de Bombeiro Forestal para adaptación de competencias no entorno laboral.

Si a Comunidade Extremeña no marco das súas competencias da un peso legal de recoñecemento da categoría forestal ao persoal que fai labores idénticas ás do persoal do SPDCIF de Galiza, **solicitamos que se aplique ao persoal do SPDCIF o mesmo recoñecemento**, basándose no R.D. 1921/2010 do 26 de novembro, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Ocupacións no nº 5932 – Bombeiro Forestal, ademais do punto 3.18 do Acordo de Condicións Especiais de Traballo do Persoal do SPDCIF da Xunta de Galiza, no V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral.

A Maiores consideramos que é un recoñecemento ademais de legal, moral e xusto.

Este Servizo Público soportou durante máis de dúas décadas case a metade do lumes de todo o territorio español, concretamente dende o ano 1991, ano da creación do SPDCIF, e ata o ano 2005 loitamos contra unha media de anual de 10.807 lumes/ano, mentres en Extremadura foi de 1.047 lumes/ano.

As taxas de eficiencia do SPDCIF galego foron as mellores de todo o territorio español, cunha superficie media por incendio de 2,8H/lume, mentres que por exemplo a taxa de eficacia dos Bombeiros Forestais extremeños foi de 11,04H/lume (1).

Estas taxas de eficacia do SPDCIF Galego conseguíronse cando a porcentaxe do SPDCIF era público o 80% do operativo total. A partir do ano 2005 produciuse unha redución considerable de lumes ao ano, cunha media de 4223 lumes/ano ata decembro de 2013, pero a decisión política dos respectivos gobernos de reducir o peso do SPDCIF público con respecto ao dispositivo total ata porcentaxes por debaixo do 40% trouxo unha perda de eficacia manifesta cunha media de 6,4H/lume, habendo menos da metade dos lumes.

Dende a CIG creemos que calquer goberno debera estar orgulloso deste persoal recoñecendolle a súa verdadeira categoría profesional que é a que indica o R.D. 1921/2010, ou sexa, Bombeiro Forestal.

O recoñecemento da categoría de Bombeiro Forestal traería consigo non so o recoñecemento do traballo desenrolado polo SPDCIF senon **que permitiría aplicar o coeficiente legal de redución da idade de xubilación, o cal sería fundamental para salvagardar a saúde dos traballadores do SPDCIF** exposta a condicións de dureza e insalubridade terribles, tal como se reflexa no traballo de extinción de miles de lumes.

(1)Estes datos extraídos dos informes anuais da Area de Defensa Contra Incendios Forestais (ADCIF) do Ministerio de Medio Ambiente.



A XUNTA ADXUDICA SEN CONCURSO AS BRIGADAS HELITRASPORTADAS



ANÁLISE DA PROPOSTA DE NATUTECNICA DA XUNTA DE GALICIA PARA A MELLORA DO SPDCIF

A Xunta de Galiza pretende facer unha estruturación do SPDCIF, baseándose nun informe elaborado pola empresa Natutecnica en Marzo de 2011

Inicialmente salientaremos a falla de rigor deste informe, a ausencia total de obxectividade, e incluso a ilegalidade xa que empresa que o realiza forma, e formaba parte do sistema de Prevención e Extinción de Incendios Forestais de Galiza. Falamos entón de que esta empresa e xuíz e parte, algo bochornoso e manifestamente ilegal xa que foi pagado cos cartos de tod@s @s galeg@s.

Esta empresa analiza as supostas debilidades do SPDCIF, servizo que soporta o maior número de lumes, e que ten as mellores porcentaxes de efectividade do estado español (1). Ata o ano 2006 unha superficie queimada por lume inferior a 3Ha, valor que se incrementa exponencialmente, cando os políticos de turno deixan de reforzar o SPDCIF e experimentan con empresas como SEAGA, TRAGSA, ou a mesmísima **NATUTECNIA**, elevando a superficie queimada por lume a 6,2 Ha, tendo en conta que os lumes por ano descendieron en case 3000 nesta década.

Calquer empresa que fixera unha auditoría rigorosa, tería que analizar o anteriormente exposto e replantexar a volta ó modelo público anterior, xa que demostra ser moitísimo máis eficaz que o modelo privado. Exemplo clarísimo é o de Castela e León, onde a prevención e a extinción a realizan empresas privadas, e soportando case 3 veces menos lumes que Galiza, a media por lume ascende a 12 Ha.

Sigamos analizando o informe; Natutecnica analiza só as brigadas terrestres deixando aparte as brigadas Helitrasportadas, casualmente as que son da súa propia xestión.

Afirma que o problema básico de operatividade e debilidade do S.P.D.C.I.F. é que as brigadas son de 7 compoñentes, pero deixa aparte o gravísimo problema da falta de cobertura de prazas do SPDCIF, asunto que calquera persoa razoable entendería que sería o primeiro factor a resolver. Naquelas datas o número de prazas a cubrir era aproximadamente o 20% da totalidade.

Logo o informe cita o dereito, ás compensacións por traballar en domingos e festivos (que naquelas datas se tiña) como literalmente, **unha restricción normativa,**

cando neste traballo calquer descanso adicional non so contribúe a unha diminución de accidentes no traballo, senón a un incremento na eficacia laboral xa que @s traballador@s afrontan máis descansad@s as perigosas labores de extinción.

Tamén plantexa un asunto sangrante con comentarios sobre os peóns, dando a entender que son practicamente inútiles sen un xefe de cuadrilla, sen un peón conductor o un oficial, sabendo que desdeñar a eficacia dos peóns é ridículo xa que a maioría deles levan miles de lumes apagados coas mellores porcentaxes de eficacia do estado español.

Pero entremos en profundidade; a solución espectacular que prantexa Natutecnica para o S.P.D.C.I.F. é, **brigadas de 5 e librar todos xuntos** utilizando o número actual de integrantes.

Supoñamos este como un informe técnico, pero nada máis lonxe da realidade, trátase dun informe que simplemente obedece a criterios políticos. Cítase que con este espectacular cambio **se incrementa o número de brigadas de 143 a 193**, isto é absolutamente certo pero o prantexamento deixa fóra algo tan importante como a cobertura total do territorio e a cobertura de 24 horas, obriga que se recolle no V Convenio.

Para que o sistema **se adapte á lei terían que ser exactamente 286 brigadas** no caso de facer brigadas de 5 compoñentes, desdobraríanse as brigadas actuais, primeiro cubrindo as prazas baleiras e despois contratando **a maiores un xefe de cuadrilla, un peón conductor e un peón**. Isto tecnicamente garantiría a total cobertura do territorio e a cobertura indicada polo convenio de 24 horas. **Tendenciosamente**, o informe non reflicte nada disto.

Poidera ser que Natutecnica o soubera e pretendera que a Xunta lle contratara as **73** brigadas necesarias para chegar a tal fin; no caso de darse este suposto, agardemos sexa polos cauces legais e non como no proceso de contratación de 172 traballadores sen concurso feito pola Xunta de Galiza no ano 2012, segundo información publicada polo periódico "El País" na data 12/08 /2012: **La Xunta de Galicia adxudica sen concurso las brigadas de helicóptero.**

(1) .Case 9000 lumes o ano na década 1991-2000 e case 5000 lumes ano dende 2001 ata o 2011. Fonte M,M,A.

SENTENZAS FIXOS DISCONTINUOS DE TRES MESES

A CIG gañou máis dunha vintena de sentenzas para que os fixos discontinuos de tres meses pasen a ser de nove meses

A principios deste mes de Xaneiro, comezaron a saír as primeiras sentenzas dos xulgados do social en Ourense, manifestándose favorábeis @s demandantes para pasar de traballar tres a nove meses.

Esta estratexia posta en marcha pola CIG, coa aposta clara e decidida para o recoñecemento dos 9 meses como único período recollido no V Convenio Colectivo, comeza a dar os seus froitos sabedores de que o camiño vai ser lento e farragoso.

Ante o inmovilismo das outras centrais sindicais e o amedrentamento que se promovía para evitar as denuncias, a CIG Ourense decidiu apostar polas demandas individuais presupoñendo unha maior probabilidade de éxito fronte a posibilidade de presentar un conflito colectivo.

Pois ben, este procedemento sería imposible sen a existencia do V Convenio colectivo para o persoal

laboral da Xunta de Galiza, convenio que aínda que sexa moi mellorábel substituíu o anexo V, artellando ate o de agora o período de mellores condicións laborais deste servizo na Xunta de Galiza; Convenio ó que o goberno actual está empeñado en recortar dereitos gañados con moito traballo.

Lembramos tamén, aínda que non fai tanto tempo, que este convenio do que xa case comezamos a lembrar, foi asinado en solitario polas centrais sindicais CIG, e UGT, recibindo toda clase de improperios por parte d@s “non asinantes”.

O paso do tempo e inexorábel, e ó final poidose comprobar que o maior erro que tivo este convenio, é e foi, que o están a recortar.

As sentenzas non son firmes, poden ser recurridas diante do tribunal superior de xustiza da Galiza, pero polo momento as catro salas do social en Ourense están dando a razón @s demandantes. A día de hoxe si chegan a excutarse estas sentenzas favorábeis, estes traballadores pasarían a ser temporais de nove meses.

ESTRATEXIA



A
CIG gañou
sentenzas nas
catro salas do
social

Ante o inmovilismo das outras centrais sindicais e o amedrentamento que se promovía para evitar as denuncias, a CIG Ourense decidiu apostar polas demandas individuais presupoñendo unha maior probabilidade de éxito

FOI NOTICIA!!!

Nesta sección tentaremos facer un percorrido pola breve pero intensa historia deste servizo. As pedras no camiño foron unha constante que houbo que avanzar cara a consecución dunhas condicións dignas no noso eido laboral.

Esta breve historia, para ben ou para mal, forma parte do noso presente, e lémbra-nos que a constante loita pola defensa dos nosos dereitos foi e será o único camiño cara a dignificación da nosa profesión.



INFORMA

NÚM. 1

FORESTAIS: ::CONSEGUÍMOLO!!

En menos de dous anos a non tiñan - desemprego, en-
CIG-Ourense conseguiu unha fermidade, accidentes,... - e
mellora sustancial nas condi- agora intégrense no convenio



FOTO: ROSA VIEGA

cións laborais dos traballadores de prevención e extinción de incendios forestais contratados pola Xunta de Galiza.

Pasaron de estar no Rexime agrario por conta propia ao Rexime Xeral da Seguridade Social ganando o dereito a todas as prestacións que antes

único do **PERSOAL LABORAL DA XUNTA** ao seren confirmada polo Tribunal Supremo a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que no seu momento xa gañaran por mediación dos servizos xurídicos da CIG.

Esta conquista supón unha victoria obreira das máis importantes dos últimos tempos e é unha constatación máis da necesidade que temos os traballadores e traballadoras da Galiza de potenciar o sindicalismo Galego e de Clase que representa a CIG.


PROPOSTA DA CIG PARA A MELLORA DO SPDCIF

Estas serán as liñas básicas sobre as que actuará a CIG nos vindeiros tempos ate a súa consecución

1. Mantemento do SPDCIF como servizo público.
2. Cobertura de tódalas vacantes e non vacantes.
3. Retorno das brigadas helitransportadas ó servizo público.
4. Descanso de fins de semana alternos durante todo o ano.
5. Compensación polo traballo desenrolado en Domingos e festivos.
6. Recoñecemento das funcións do persoal do SPDCIF e reconversión á Bombeiros Forestais das categorías: peón, peón conductor, xefe de cuadrilla, conductor de motobomba, oficial contra incendios e vixante móbil.
7. Utilizar a EGAP para potenciar a formación do persoal do SPDCIF e así ampliar as nosas actuación no ámbito rural.
8. Paso á segunda actividade d@s traballador@s ós 55 anos como noutras profesións sometidas a situacións de alto risco. Relación de postos axeitados para o persoal..
9. Que o reforzo do verán sexa contratado pola xunta a través do decreto 37/2006.
10. Que as brigadas estén compostas por un mínimo de sete traballadores, tal e como indica o convenio.
11. Si se quere facer o turno de 10 horas, a brigada terá que ter un mínimo de 10 compoñentes, con un xefe de cuadrilla, un peón, e un peón conductor a maiores por brigada.
12. Extender o contrato d@s fix@s discontinú@s de tres a nove meses.
13. Que @s traballador@s poidan escoller tódalas súas vacacións.
14. Protocolos de actuación iguais para todo o país.
15. Mellorar as instalacións deficitarias para todo o persoal.
16. Evitar os cargos de libre designación nas xefaturas de distrito e en xeral na consellería para evitar a politización do servizo e, co exceso de mando, perda de eficacia na execución dos traballos.
17. Reclasificación categorías de emisorista e peón-conductor ao Grupo IV



SERVIZO PÚBLICO



Estas serán as **liñas básicas** sobre as que actuará a **CIG** nos vindeiros tempos **ate a súa consecución**

TABOLEIRO DE BREVES

1 - No -DOG do xoves 22 de Xaneiro 2015....no apartado de anuncios da administración autonómica "Resolución do 30 de Decembro de 2014 pola que se anuncia a **contratación** por tramitación ordinaria e anticipada de gasto..... dun servizo integral dun **helicóptero e brigada**, con destino á prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2015,2016 e 2017....

No punto 4. orzamento de licitación...importe total : **3.977.812,20**. exento de i.v.e valor estimado: **8.495.920** incluídas prorrogas e ampliacións.

Ou sexa, o importe final podería chegar a dobrar o inicialmente exposto, oito millóns e medio de euros para estas contratacións tendenciosas **namentres** se propón a **amortización de 130 prazas** na consellería do Medio rural e do Mar,

A qué xogamos?.

2 - "**A Xunta adquirirá 52 vehículos todoterreno para a prevención e defensa contra os incendios forestais** " , así figura na acta do consello de goberno da xunta do pasado 22 de Xaneiro. A contratación destes vehículos cun valor estimado total de 9.9 millóns de euros estará cofinanciada polos fondos europeos Feder.

Está distribuída en tres lotes:

- 9 vehículos con capacidade mínima de 2 persoas e 4.000 litros de auga.
- 19 vehículos con capacidade mínima de 2 persoas e 3.500 litros de auga .
- 14 vehículos con capacidade mínima de 3 persoas e 3.000 litros de auga.

3- Segundo as informacións que barallamos, estes vehículos motobomba irían para os concellos, non serían utilizados directamente polo S.P.D.C.I.F.

Voltamos a constatar por enésima vez, que máis que cartos o que faltan son vontades para que exista un efectivo e público servizo de defensa contra incendios forestais, xa que con estas adjudicacións o que se fai é potenciar a existencia de chiringuitos varios e unicamente perxudicar a efectividade na loita contra o lume.

4- **Falcatruadiñas que observamos nalgúns distritos.**

- **A nocturnidade** tamén se cobra estando de vacacións, segundo recolle o artigo 26.5 do V convenio colectivo para o persoal laboral da xunta de Galicia " este complemento seralle aboado, así mesmo, ao persoal afectado durante o período das súas vacacións ordinarias.

- Négase o dereito de **acceso d@s traballador@s ás oficinas de distrito**, cando é un

dereito adquirido para cumprimentar papeis, trámitessen ofrecer alternativas.



AMORTIZACIÓN DE POSTOS EN MEDIO RURAL.

A Xunta de Galiza ven de facer unha proposta de amortización de prazas na Consellería de medio rural e do mar.

En concreto no S.P.D.C.I.F., a **amortización afecta a un total de 30 postos en toda Galiza**; destes 30 postos ,**16 corresponden á Provincia de Ourense.**

Reducir persoal do S.P.D.C.I.F en calquer provincia é un drama, pero facelo na provincia de Ourense que é a que soporta a metade dos lumes de toda Galiza, poderíamolo considerar delito.

Dende a C.I.G, **xamais damos por feito** a aplicación de ningunha proposta da Administración, e moito menos a que implique unha eliminación de postos de traballo de forma tan irresponsábel.

Polas informacións das que dispoñemos ate agora, trátase na maioría de casos de prazas que se atopaban vacantes e sen cubrir; constatamos así a estratexia de desmantelamento continuo deste servizo que executa, premeditadamente, pola calada e en pequenas doses esta administración.

Dende a C.I.G. exerceremos un **rexeitamento frontal** a esta proposta, e tal como fixemos sempre, seguiremos insistindo na necesidade imperiosa da cobertura de totalas vacantes para un axeitado funcionamento do S.P.D.C.I.F.

CAMPAÑA DE VIXIANZA DA SAÚDE

Publicada no D.O.G de 2 de febreiro a campaña de vixianza da saúde para o ano 2015, para o persoal xeral da xunta de Galicia. O prazo de inscrición vai do 3 de Febreiro ó 4 de Marzo. As solicitudes fanse de xeito telemático dende a web: <http://www.xunta.es/prevencion-de-riscos-laborais>.